

Entre Tradicións e Palabras

Natalia Villalta e o seu legado literario



Javier Serantes Álvarez

Iván Tizón Losada

Mario Vilariño Mouro

Alumnos de TIC do IES Eusebio da Guarda

CAPÍTULO 1

A XUVENTUDE DE NATALIA VILLALTA

Como todas as mañás, Natalia fora mercar o pan por petición da súa nai, e como sempre facía, saíu de casa en dirección ao panadeiro, que quedaba xusto despois do parque no que tanto lle gustaba ler. Cando chegou, atopouse co seu mellor amigo Manuel, quen estaba esperando a que a súa irmá saíse. Falando con el, recordou que a súa nai tiña présa, polo que necesitaba que fose rápida mercando o pan.

- Síntoo moito Manuel, teño que facer cousas. - díxolle Natalia.
- Non te preocupes, se eu tamén teño que marchar.
- Ata a próxima!

Natalia entrou, pagou o pan, e marchou correndo á casa. Polo camiño ía pensando en que tiña que chegar pronto ou a súa nai enfadaríase, como xa ocorrera no pasado.

Cando chegou á casa a nai recibíuna cun bico na fronte e unha aperta.

- Moitas grazas, pasa dentro que imos comer.
- Por fin! Tiña bastante fame - dixo Natalia cun ton de voz doce.

Entrou e sentouse na mesa, comeu cos seus pais como de costume e ao rematar axudoulles a recoller a mesa. Mentres a súa nai limpaba os cubertos e o seu pai varría o chan, Natalia subiu á súa habitación, a ler un libro que lle ragalara a súa avoa fai dous anos. A pesar de que xa lera o libro máis de catro veces, sempre o lía durante unha hora despois de xantar.



Cando rematou de ler, saíu fora a que lle dese o aire e deu un paseo.

Durante o paseo, atopouse con Manuel outra vez, que estaba no solo apoiado nunha árbore, afiando un pao cunha navalla.

— Que tal estas? — preguntou Natalia.

— Moi ben, xa rematei de comer e agora estoume entretendo un pouco mentres meus pais limpan a casa. E ti, como estas?

— Xenial tamén. En fin, teño que marchar.

— pois marcha, que teñas un bo día.

Seguiu paseando durante un bo rato, e volveu a súa casa, onde os seus pais estaban durmindo a sesta, así que foi á súa habitación e comezou a durmir.

Ao espertar, contoulle aos seus pais que se cruzou con Manuel e relatoulles a conversación que tiveran.

ao rematar os seus pais miráronse aos ollos.

— E non lle diches as grazas cando te preguntou como estabas?

— Dixeron os dous á vez.

— Non - dixo Natalia con voz baixa

— Non pasa nada, pero recorda que non está obrigado a preguntar como te atopas.

CAPÍTULO 2

A NOVA INTEGRANTE DA FAMILIA VILLALTA

Cinco anos despois, Natalia ergueuse chea de ledicia e dirixiuse á cociña para tomar o almorzo, e, mentres o facía, a súa nai lembroulle que esa noite era a festa do pobo, moi famosa na zoa.

Ante isto Natalia púxose inda máis feliz e despois de rematar o almorzo, marchouse coa súa nai a limpar a casa de Carmiña, unha veciña que non era capaz de facelo pola súa conta debido á súa avanzada idade.

Logo de rematar, Carmiña invitoulles a comer e tanto nai como filla aceptaron encantadas. comeron un rico caldo de grelos que Carmiña preparou moi agradecida, e Natalia dirixiuse ao salón para buscar un vello libro que atopara nun estante mentres limpaba e, despois de pedirlle permiso a Carmiña, comezou a lelo moi ilusionada, para logo dun anaco lendo, pedirlle levalo para casa, ao que Carmiña accedeu sen problema.

Neste libro mencionábanse marabillas da Coruña. A raíz diso, Natalia, esa noite, logo de voltar da festa na cal o pasara moito mellor que de costume, soñou cunha vida na Coruña formando unha familia feliz.



Nas semanas seguintes, Natalia comezou a sentirse un pouco mal, xa que constantemente sufría fatiga e náuseas, pero non lle deu demasiada importancia e continuou coa súa vida cotiá, aínda que a xente comezáballe a mirar un pouco diferente.

Natalia botoulle a culpa a que últimamente engordara un pouco e tentaba con tódalas súas forzas non sentirse afectada. Inevitablemente pouco a pouco foise illando e incluso os seus pais lle comezaron a tratar diferente. Natalia non entendía nada.

Debido a todos os síntomas que tiña, Natalia comezou a sospeitar que estaba embarazada, estaba aterrada e só quería que súas sospeitas non fosen certas. Co transcurso dos días Natalia íase desanimando máis e, debido a iso e os síntomas do embarazo que cada vez eran máis evidentes, Natalia non sabía como actuar xa que dubidaba que seus pais lle fosen a apoiar.

Chea de dúbidas e entre choros, finalmente Natalia quedou durmida.



CAPÍTULO 3

A REVELACIÓN

Natalia espertou con ganas de vomitar, pero non chegou a tempo. Cando vomitou, foi correndo a por un pano á cociña e unha tina coa que recoller o vómito. Botou o que recolleu dende a fiestra ao xardín, pero cando chegou atopouse a súa nai recollendo as sábanas.

- Natalia, estas ben? — preguntoulle a nai cun ton preocupado.
- Si, é só que... sentoume mal a cea.
- A próxima vez avísame, non teñas medo.

A nai saíu da habitación e Natalia cambiouse de roupa. Xa coa roupa limpa foi fóra, ao seu xardín, e quedouse sentada, pensando en qué debía facer, se contarlle aos seus pais que estaba embarazada ou non; era unha decisión difícil.

Cando saíu a dar un paseo, caeu na conta de que non tomara a decisión correcta, así que volveu á súa casa e pediulle aos seus pais se podían falar con ela un momento.

Tanto Natalia como seus pais sentáronse no sofá do salón e Natalia respirou fondo e dixo:

- Papá, mamá, penso que estou embarazada.

Un silencio inundou o salón, Natalia estaba preocupada, o seu corpo tremía de medo, igual ca súa voz. Os pais tiñan a mirada perdida, os seus ollos tornáronse vermellos, e as bágoas comezaron a inundalos.

Natalia ergueuse para tomar o aire. De súpeto o seu pai dixo cunha voz temblorosa:

- Como embarazada? De quen? Por qué?
- Síntoo moito, pero... - dixo cun ton preocupado.
- Que quen é o pai?! — exclamou o pai de Natalia, cun sentimento de tristeza e enfado
- Foi Rubén
- O fillo dos Ramírez?!
- O mesmo...

os seus pais erguéronse e foron a facer cousas, e aínda que Natalia quería falar con eles, non lle respondían nin facían caso. Dende ese momento, a relación entre Natalia e os seus pais nunca foi a mesma. os pais de Natalia xa no falaban con ela para nada, nin sequera cando tiña náuseas ou dores de cabeza.

Ao día seguinte, dando un paseo como adoitaba facer, a xente comezou a murmurar, chamándoa mentireira, mala persoa e toda clase de insultos ferintes.

— Por qué son mala persoa? — preguntou preocupada.

— Culpas ao fillos dos Ramírez, o mellor mozo desta aldea, e culpao polos teus pecados!

— Qué? Non! Foi el, o prometo, non lle quero deixar en mal lugar, pero... como sabedes que dixeran que foi el?

— As noticias voan rapaza

Antes de marchar, escupíronlle aos pés, pero un mozo acercóuselle amablemente.

— Ola, chámome Isaac; Isaac Díaz Pardo.

— Encantada - dixo con bágoas nos ollos


— Eu créome que o pai do neno e Rubén, sempre se meten comigo el mailos seus amigos e case tódalas noites fai escapadas. Cada día vai cunha rapaza diferente, e polo visto... un día fuches ti.





CAPÍTULO 4

A FERMOURA DA CORUÑA



Despois dunha longa charla sobre as aventuras de Rubén, Isaac decidiu axudar a Natalia a chegar á Coruña, para que puidera comezar unha nova vida sen preocupacións e fóra dos prexuízos e tradicións do seu pobo.

Unha viaxe de dous días foi todo o que necesitou para liberarse das cadeas que a tiñan atada y tanto lle molestaban.

Na Coruña, Natalia estableceuse nun albergue de acollida xunto a xente en situacións similares. Xa libre de todas as tradicións e hábitos impostos pola súa familia, Natalia comezou a cambiar sen apenas percatarse.

Comezou a ler novos libros, pasear por novos lugares e incluso almorzar novos pratos. Pasou dunha rutina constante a unha vida libre, na que todo o que a limitaba era o bebé que crecía no seu bandullo.

O quince de xullo, oito meses despois do seu encontro con Rubén, Natalia comezou a sentir uns dores indescritibles, e coa axuda do dono do albergue, dirixiuse rapidamente ao hospital, onde tivo á súa filla, á que chamou Luísa.

Pasou case dúas semanas no hospital, onde coñeceu a Ramón, un mozo intelectual que frecuentaba o lugar para visitar ao seu amigo, e aproveitaba para ler nun sillón do mesmo corredor no que se atopaba Natalia.

Ramón tiña unha ampla cultura, que embelesou a Natalia a base de anécdotas trepidantes e imersivas, historias fantásticas e relatos dos habitantes da cidade, que conseguían distraerlle de todos os seus problemas.

Ramón tamén era como un pai para Luísa, á que lía gran cantidade de relatos, e contaba contos dunha forma que só un artista da súa categoría sería capaz.

Un venres de verán, un ano despois do nacemento de Luísa, Ramón e Natalia acudiron a unha das reunións segredas das Irmandades da Fala, das que Ramón formara parte antes da súa disolución, pero que seguían organizando xuntanzas pola afinidade entre algúns dos seus membros.

- Moi boas señor Cabanillas — recibíronlle na entrada
- Moi boas
- Esta moza é a túa acompañante?

Así é, é a primeira vez que ven, así que hei de amosarlle o lugar.

Natalia quedou asombrada coa cantidade de libros e obxectos de gran valor cultural que se atopaban naquel salón, onde numerosos intelectuais conversaban sobre temas moi diversos, dende a normalización do galego que querían levar a cabo, ata a situación económica da cidade, e como un cambio de goberno podería solventar a gran débeda que A Coruña posuía.




Comezou a frecuentar o lugar xunto a Luísa, que xa con dous anos, interesábase por todos aqueles obxectos que atopábanse colgando das paredes do salón, e todas aquelas obras historiográficas de Galicia, que contiñan pintorescas imaxes das antigas civilizacións celta e romana. Toda esta cultura foi a que sementou a semente que daría lugar ao interese de Luísa pola escritura.





CAPÍTULO 5

A NOTICIA



Natalia atopábase lendo unha das historias que tanto fascinaban á súa filla, cando de súpeto entrou no salón Manuel, un dos intelectuais que Natalia coñecera nas súas habituais visitas.

— Moi boas Manuel - saudoulle Natalia

— Boas Natalia, senta aquí, teño que contarche unha cousa - dixo sinalando a un dos sillóns de veludode aquel clásico salón.

— Pasou algo?, nótoche preocupado - dixo Natalia sobresaltada

— Como xa saberás, o señor Cabanillas fíxolle unha visita a súa familia, e ía volver hoxe. Fai unhas horas chegou o abade de Cambados e deume a noticia de que Ramón faleceu dun infarto...

— Non pode ser, pero se estaba completamente san...

O silencio inundou a habitación, Natalia non puido conter o seu choro, e Manuel non foi quen de dicirlle nada.

O funeral celebrouse na vila de Cambados dous días despois, pero Natalia non apareceu.




EPÍLOGO

A desaparición da miña nai segue sendo un misterio a día de hoxe, aínda que deixoume a mín xunto aos seus libros, apuntes, e historias, na porta da casa dos meus avós.

Atopei o seu diario cando cumprín 16, e levo buscando o motivo polo que a miña nai desapareceu sen deixar rastro dende entón, pero finalmente cesei na miña búsqueda, e decidín escribir esta historia para que alguén a lera e puidera axudarme a atopar a verdade.

FIN



CRÉDITOS:

GUIÓN ORIXINAL E PRODUCCIÓN DE JAVIER
SERANTES, IVÁN TIZÓN E MARIO VILARIÑO.

BASEADO NUN POEMA DE LUISA VILLALTA,
HOMENAXEADA NAS LETRAS GALEGAS 2024.

CORRECCIÓN GRAMATICAL: MARIO VILARIÑO,
IVÁN TIZÓN E JAVIER SERANTES.

EDICIÓN E REVISIÓN: JAVIER SERANTES.

IMAXES XERADAS POR IA, BING(2024).

bing.com/images/create

IDEAS PARA O TÍTULO XERADAS POR GPT-3.5 - OPENAI(2024).

<https://chat.openai.com/>